

A Nosa Terra

BOLETIN DO PARTIDO GALEGUISTA

A República recupera a súa forma verdadeira e o seu espírito orixinario. Os monárquicos e os adulteradores da República fracasan nos seus propósitos. Coa recuperación da República Galicia atopará os vieiros da súa liberdade.

EXEMPLOS

O fin indeclinabel dos imperialismos

O mundo está conmovido. A inagardada decisión de Alemaña, rompendo, n-un pulo de soberbia, o Tratado de Versalles e ceibando a todol-os ven-tos verbas retadoras, foi un forte cantazo nas augas xa revoltas da enmarañada política europea.

¡E ista decisión inqueda producése aos poucos días da entrega do Sare, exemplo fermoso de cómo poden e deben ser resoltos os conflitos inter-estatais, que puxo a proba a lealdade das potencias aliadas, e, moi especialmente, a de Francia! ¡Qué axiña esqueceu Hitler as verbas conciliadoras que entón pronunciara!

Pero non nos engañemos. A Alemaña de Hitler non poderá ser endexa-mais a de Stresseman. Porque a guía sino moi distinto. Procede como tiña fatalmente de proceder. E o fin indeclinabel de todol-os imperialismos.

Sí. Xa o dixemos n-outra ocasión dende istas mesmas columnas. Os Estados imperialistas, unitarios e centralizadores serán incapaces de resolver a grande e fonda crise en que o mundo se debate. Porque iles son os principáes responsables d-ela. Porque son antinaturáes e forxaron unidades económicas de artificio que só con aduanas, continxentes, colonias i-explotación de outros Estados menos fortes se poden manter. E a crise que o mundo sofre é de raíz económica, inda que pol-a súa intensidade ince ós campos do social é do político.

Os movementos de forza que estiveron de moda na Europa non poden disimular o seu tremendo fracaso d-outra maneira. Pretextando que a Democracia fracasou ensaiaron xeitos de gober nación de forma dictatorial, con tendencias monarquizantes, centralizadoras e uniformistas. Incapaces pra producir fórmulas viables i-eficaces pra resolver os problemas económicos, causantes da crise que lles deu vida, buscan a explosión imperialista, exaltadora de odios de raza, das mais baixas pasións, e do patrioteirismo negativo e disolvente da pior ralea.

O exemplo de Alemaña, o de Italia, o dos EE. UU., o do Xapón, son ben elocuentes.

A Humanidade tardará en aprender que só a Federación Internacional dos pequenos pobos —unidades naturáes no económico— poderá sacal-a do atolladoiro en que se topa.

A nosa doutrina acabará impoñéndose. Porque nin o universalismo uniformista e antinatural. Nin o imperialismo dos grandes Estados ofrecen tantas posibilidades para o desenvolvemento racional e armónico do mundo.

COMPORTAMENTO DIGNO

Emiliano e o Vigo auténtico

O fracaso da carnalada que os elementos emilianistas, en complicidad de c-uns cantos desaprensivos, prepararon o pasado domingo en Vigo, non pudo ser mais completo e rotundo.

A indiferencia con que o paso de Emiliano foi recibido en total-as estacións, sucedeu a acollida verdadeiramente glacial que Vigo lle dispensou.

Chegáramos a ter un pouco de preocupación, por Vigo e por Galiza. Sabíamos do atrevimento de algúns elementos e supoñíamolos capaces de preparar unha farsa que enchera de vergonza a traballadora cidade viguesa e á nosa Terra, que nada tiñan que ver en tal bufonada.

Felizmente, non o conqueriron. O rubor puxo prudencia nas xentes que estaban obrigadas a facer de «comparsas». E a repulsa do Vigo auténtico foi clara e contundente.

Non podía ser de outro modo. O Vigo que non sabe de certos compromisos, que non intervéen en determinados asuntos e que, por conseguinte,

non está obrigado ao «benefactor» oficioso, cansouse xa de que se lle queira facer representar reiteradamente papeles lamentables.

As fotografías do «recibimento» tan afanosamente preparado non poden ser mais elocuentes. Como alguén dixo, con frase certaíra, aquilo foi «un mal enterro de terceira». Pol-o silencio e tristura, pareciao. Os obrigados que non se atreveron a dar a cara na estación nin no fúnebre desfile pol-as rúas «cumpliron» indo ao banquete. E, aínda eisi, de Vigo non pasaban de setenta as persoas alí presentes.

Pol-o que Vigo nos intresa e pol-o que nos importa Galiza, celebramos iste proceder digno do Vigo auténtico que nos aforrou unha xornada de vergonza.

Todo elo proba que o noso pobo non perdeu aínda a noción de cidadanía, pese a canto poideran creer os desaprensivos que non vacilarían en ffacer algo de vergonza.

permítase dar un chio en contra da brillante manifestación.

Nós quixéramos saber si as forzas gubernativas están para garantir as manifestacións facistas e si os que non somos fascistas, pol-a gracia de Deus, non poderemos levantar tamén a man coa palma pra riba.

E. G.

Pra os suscritores e corresponsaes

Según anunciou a administración de A NOSA TERRA, nos derradeiros números, téñense enviado xa aos corresponsaes os recibos correspondentes ao primeiro semestre.

Prégase a todos a urxencia na cobranza dos mesmos.

Algúns suscritores isolados teñen respondido a nota publicada enviando o importe da súa suscripción.

Con ouxeto de proceder á cobranza dos que non o fixeron, comenzaremos a cobrarlles por medio de reembolso por valor, de pesetas 3'00, importe da suscripción e gastos que ocasiona.

Castelao e Bóveda

Os nosos queridos irmáns Castelao e Bóveda, Segredarios Político e de Organización, atópense estes días na Terra disiroitando de permisos oficiais por asuntos de índole familiar.

Un e outro estarán con nosco deica fins do corrente mes e anque sexa por tan poucos días é para nós unha ledicia fonda o poder trocar ideas e apertar cordiales cos irmáns que unha política rencorosa e inconsciente enviou fora da Galiza que tanto queren e pol-a que tanto traballan.

Castelao e Bóveda andan a recoller a oito probas craras de agarimo e adhesións de irmáns, amigos e repubiánns verdadeiros que agradecen fondamente por intermedio de A NOSA TERRA.

Os nosos irmáns desterrados viven estes días o contaito direito do noso calor patriótico e traballan, como si non tiveran que ausentarse novamente, nos cárregos que a confianza galeguista encomendoulles na Asambrea de Ourense.

Anque as verbas non o expresen fidelmente queremos con este grato motivo renovarlles a nosa devoción e cariño inquebrantables, desexándolles unha feliz estada na Patria á que voltarán no intre, que agardamos non tarde, en que a liberdade e xusticia deixen de ser adeministradas por máns ruins e cubertas co-a lama da envexa.

PANORAMA

A prensa galega

O panorama que, n-unha ollada de conxunto, ofrece a prensa cotián de Galiza non pode ser máis lamentábel. Decímolo con grande tristura.

A prensa, froito da actualidade e destiñada a morrer co-ela, ofrece sempre grandes alternativas. Pero poucas veces —cecáis ningunha— os xornáes galegos apareceron menos insustaciáes e ausentes dos intereses da Galiza.

Cando sobre da nosa Terra están caindo arreo agresións á súa economía, pretericións, aldraxes e agravios aos seus intereses; cando toda a administración local galega foi asaltada, con pretexto difrentes, por xentes que entraron a saco nas facendas das nosas Diputacións e Concellos e fan almoneda da dindade cidadán; cando total-as velas taifas caciquís retoñan remozadas con motes diversos e ameazan enroscarse á máquina toda da vida de Galiza... a prensa galega non se entera e —con poucas e honrosas esceicións— entretense no abultamento de sucesos cativos, no chisme e na anécdota política, na reprodución dos «bombos» e farsas con que os primates da situación se preparan pedestales de area como nos tempos calamitosos da monarquía extranxeira dos Borbóns.

Galiza, os seus problemas, os seus intereses, non contan para a nosa gran prensa cotián. Nin xi-quera o «Pueblo» foi capaz de conservar o senso de galegitude que nas súas editorías sinalaba hasta que tivo que abandonar-o por discrepancias ideolóxicas, hai tempo marcadas, o noso irmán Alvarez Gallego.

Nós recoñecemos que veñen correndo ventos contrarios, que defender a Galiza era espoñerse a persecucións e molestias, privarse de consideracións e mimos gubernamentáes. Certo que sí. Pero ises son os intres de constatar un ideal e probar a fé nos destiños d-un Pobo e d-unha Patria.

A maior parte da gran prensa galega preferiu, e sigue preferindo, o

Posicións craras

Así poderemos entendernos

O número de «A Fouce», de Bos Aires, correspondente ao mes de xaneiro, que se recibiu con moito retraso, publica un extenso manifesto da «Pondal», ao que me parece o nenente facer algúns comentarios.

Con respecto para as persoas (que moitas veces houbo que botar de menos nas páxinas de «A Fouce»), expónense n-ise manifesto posicións craras, que xa cumprían pra que poidéramos entendernos.

Agora sabemos concretamente que quer o grupo de nazionalistas da «Pondal», cun órgano é «A Fouce», e podemos tamén sinalar a nosa posición respecto d-iles.

Cando se refiren á «verdade innegábel da eisistencia da Nación e da Patria Galega» e fan unha afirmación rexa de nazionalismo, que «non é unha teoría inventada por alguén» senón a racionalización d-un sentimento e a afirmación d-un feito persistente a través de séculos de opresión e a sindicación da soberanía da Nación Galega... eu subscribo, totalmente, as súas opinións.

Cando afirman que a realidade galega proclama que as comenencias de Galiza están no arredismo total dos demais pobos da Hespaña... non poden menos de recoñecer —como teño afirmado en público moitas veces— que a nosa economía é separatista con relación á do Estado hespañol, ou a son as dos demais pobos que o integran con relación á nosa, sin que endexamais o Estado centralizador e uniformista teña feito ren pra armonizal-as, pois a súa política —n-iste orde, como no da cultura— foi sempre someter total-as demáis a algunha d-elas que exerce hexemonía.

Agora ben; postos a traballar a prol de Galiza, os camiños que se sigan poden ser difrentes. Risco, revisando a súa «Teoría do nazionalismo», acaba de escribir con visión certaíra: «O nazionalismo galego é unha doutrina no económico e no cultural e social. O autonomismo, o federalismo, o arredismo non son mais que doutrinas políticas». E mais adiante engade: «Un movemento nazionalista político será unha ou outra d-isas tres cousas, asegún as comenencias nazonáes e asegún as circunstancias históricas do instante.» A realidade ten demostrado, como exemplo de todol-os movementos nazionalistas anteriores ou parellos ao noso, que istas verbas de Risco expresan unha gran verdade.

E o Partido Galeguista naceu, precisamente, nun intre en que todol-os nazionalistas —dende os mais eisaltados arredistas hasta os autonomistas moderados— estimamos que as circunstancias aconsellaban aceptar unha solución federal» ou outonómica. Así consta. ben claramente, no programa de acción do noso Partido. Consideración aceptada incluso por irmáns que gozan hoxe do favor de «A Fouce».

Poderase estar conforme ou non co-ista orientación. E lexítimo que se faga o posibel por provocar outra, si se considera máis comenente pra o futuro da Patria galega. Ao que non hai dereito é a negar lealdade e honradeza nas intencións cando ninguén pode amostar un historial de limpeza de conducta i espírito de sacrificio que aventaxe ao noso.

Nós estimamos que o camiño que o Partido Galeguista sigue é o mais acertado e comenente pra Galiza. E que debe persistir n-el, porque agora se aprofitan os intres en que pode dar froitos.


Se outros pensan que o do arredismo é mellor, que se poñan a andalo con constancia e firmeza. Veña ise Partido que a «Pondal» e «A Fouce» propuñan, que non seremos nós os que lle poñan pedras onde tropece.

A realidade dirá quen ten razón.

Pero que ninguén pretenda que nós deixémol-o noso e nos poñamos á laboura que non acaban de acometer os mesmos que nol-a sinalan como obriga.

ALEXANDRO BÓVEDA.

Pontevedra, 21-3 935.



Calvo Sotelo, Primo e comparsa din que queren «instaurar o verdadeiro espírito de España».

¡E falan de mirar a Roma!

Como antes falaban dos Austrias e dos Borbóns. E do centralismo uniformista que isas dúas dinastías funestas importaron de Francia.

Dinastías extranxeiras. Exemplos de países extranxeiros.

¡Qué entenderán istes homes por espírito «hespañol»!

¡Probe Hespaña se non tivera outros valedores!

Pepiño Antón Primo pudo decir en Vilagarcía, coa protección das autoridades centralistas:

«Iremos a dónde sea preciso y cómo sea. No se puede hacer una revolución in romper con el orden jurídico anterior».

Claro que a cousa non ten outro valor que o d-unha matonada inocente. Porque as «falaxas» son, pouco máis ou menos, os vellos «requetés». Pero dixoo.

E mentras isto se permite e ampara, as autoridades do centralismo fechan sin razón centros galeguistas, trasladan, procesan e meten na cadea aos nosos irmáns.

¡Velahí outro exemplo!

camión cómodo de estar a ben cos que mandan. Alá iles.

Os galeguistas preferimos non vender a nosa alma ao demo. E seguiremos cumprindo co noso deber.

XAN DE OURENSE.

Entré as fotos (elocuentísimas) que a prensa viguesa publicou do homaxe ao inimitábel Emiliano, figuran duas que ademáis de ter unha gracia enorme son a expresión fotogénica do tipo.

Referímonos a aquelas onde aparece o gran republicano cos brazos erguidos en postura que os xornáes din é peculiar da súa oratoria trasnoitada.

A nós parécenos que se prestaban para unha formidábel caricatura. Emiliano cos brazos erguidos e despois calqueira, un garda civil por exemplo, apuntándolle con unha pistola e ao pé estas verbas:

Arriba las manos. Por fin caíches.

O éxito conquerido pol-o Sr. Azaña é indiscutíbel. Nós o agardáramos.

O mais elocuente son as opinións que o discurso mereceu incluso aos seus inimigos que non se recataron en decir que o señor Azaña e unha cousa moi seria na política hespañola.

Como sempre, a única nota inoportuna e discordante foi a do Emiliano que dixo unhas cantas parvadas fora de cacho

Non nos extrana. A mel non se fixo para a boca de burro.

O mesmo día que o Emiliano estivo en Vigo apareceron por total-as paredes carteles que decían: «Cuidado. El Enemigo público n.º 1 se encuentra en la ciudad».

Tratábase do anuncio de unha película de gangsters.

Hai coincidencias sospeitosas.

Aktividades do Partido

Unha circular da Segredaría de Organización

Queridos irmáns:

Quero aproveitar o viaxe que por asuntos familiares tiven de facer a Terra pra agradecer a todos fondamente as constantes probas de afecto que na hora da nosa marcha e no desterro recibín de todol-os irmáns. Elas demostran como as persecucións de que se ven facendo ouxeto ao Galeguismo (contra do que poideron crear os nosos inimigos) serviron so pra redoblar o noso entusiasmo e templar a nosa fé nos destínos de Galiza.

Quero aproveitá-la tamén pra facervos unhas cantas indicacións, que vos prego atendades con dilixencia e interés. Son as seguintes:

ATIVIDADES.—Compre que os Grupos e todol-os irmáns reanuden as súas actividades: Renovación de directivas e legalización das Organizacións; Conferencias; mítins e propaganda escrita en follas; intervención na política local; Obra cultural e patriótica na prensa, nas entidades culturais, deportivas i-económicas; Etc.—Certo que as circunstancias non permiten facer con liberdade; mais é un im-pe-ativo do intre en que vivimos poñer ao servizo da Causa galega, na forma en que sexa posíbel, todol-os azos acumulados na pouca que se nos obrigou a facer.

XUNTANZA DO CONSELLO.—O día 24, celebrará o Consello en Santiago un xuntanza. Supoño no voso poder a convocatoria circulada por intermedio dos Conselleiros e publicada en A. N. T.—Querendo aproveitar a presenza de Castelao e a miña, fíxose con premura. Non deixades de remitir a vosa opinión escrita en col dos difrentes puntos comprendidos na orde do día ao Conselleiro d-isa Seición, antes do día 24. Comprenderedes que ten moito intrés que o Consello coñeza n-iste intre o pensamento predominante en todol-os Grupos.

ASAMBREIA.—Un dos asuntos mais importantes a tratar e a preparación da nosa IV Asambreia. A súa transcendencia nos intrés que atravesamos non pode descoñecerse. Compre polo tanto que todol-os Grupos poñan man con entusiasmo e agarimo n-ista tarefa; procurando que a ela acudan ademais dos persoeiros o maior número de irmáns, pra que fique patente a nosa firmeza de espírito ante as persecucións, i-estudando detidamente as propostas que haxan de presentar n-ela, pra que respondan as comenencias da nosa Terra e novamente o P. G. dea a sensación de seriedade e firmeza que foi sempre a súa norma.

A. N. T. E OFICINA DO PARTIDO.—Estou fondamente satisfeito da forma como ven funcionando a Oficina do Partido e da puntualidade e coidado con que agora se atende a administración de A. N. T.—E preciso que os Grupos respondan a iste esforzo do Consello, prestando ao Semanario toda a súa axuda e cumprindo puntualmente cantas indicacións se lles fagan de- de a Oficina.

COTIZACIONES.—Velahí outro extremo ao que os Grupos deben adicar gran atención, por ser fundamental para a marcha normal do Partido.

Na seguranza de que todos corresponderedes a ista chamada, abrázavos voso irmán na Patria.

ALEXANDRO BÓVEDA.

Así se fai Patrea

O día 16 d-iste mes, no «Círculo Habanero» da Devesa (Ribadeo), deu unha conferencia; como xa tiña anunciada facía tempo, e que non se celebraba por cousas alleas a súa vontade; o noso irmán Clodio Pérez Prieto.

O tema que escolleu iste irmán foi en col das «Industrias derivadas da leite».

Despertou moito intrés entr-os labregos. Primeiro, por a calidade d-o conferenciante, por saber éstes qu-iba falar com-eles, na nosa lingua; e segundo, pol-o entusiasmo dos mozos que levaron a cabo a preparazón do aito.

O éxito correspondeu a este entusiasmo. Non podía menos de sucedere, coñecendo, como o noso irmán coñece, as necesidades dos campesiños galegos. E non poído sere de mais sabor e de máis porveito pr-os labregos alí presentes.

As cinco da tarde, e diante dunha enormidade de xente de todas crases sociais, comenzo o aito.

Fixo a presentación na nosa lingua, o culto Perito mercantil e irmán, Fuco Maseda, quen con poucas verbas, fixo moi ben o esquema da laboura a seguir, en ben da nosa Terra, e pra redimir da negrura da incultura e da iñoranza, a todol-os que por a súa disgracia, non tiveron a sorte de nacer en berzos, con sabas de fio ou sedas.

Falou o conferenciante da súa xuventú e enerxía encol de todol-os problemas que redundasen en beneficio do agro galego, e con moito añaño, dixo que somentes pol-a cultura se chegaba ao rexurdimento dos pobos. Logo érguese, no medio de grandes palmadas, o irmán Prieto.

Expuxo por medio de proyectos, os difrentes esquemas d-os aparatos que con menos traballos e mais rendimento, usan n-as Cooperativas leiteiras.

Foi espicando parte por parte o seu funcionamento, e o mesmo tempo faguéndolles ver os labregos, as ventaxas dos novos adiantos agrícolas, en

Para artigos de colro e viaxe:

Ninguén como TALABARTEIRIA VEIGA

Senra, 9.—SANTIAGO

comparanza de como eles están e como aínda traballan.

Adicou uns intrés a necesidade d-os agrupamentos en Cooperativas. E abalou polvo dos individualismos.

Seguiu gabando as Cooperativas danesas, e puxo de manifesto: Que antes de axuntárense así os labregos d-aquelas terras de Dinamarca, seguían, com-os nosos, na miseria, cheos de fame, despreziados, traballando fortemente dendes que se poñía o sol hastra que se escondía outra vegada, c-us trebellos com-a nos tempos mais prim-tivos, e encima esquecidos da man de todol-os Gobiernos.

Hoxe, en troques, viven mais hixiénicamente, com-as persoas, con menos traballos e cartos d-abondo, pra total-as súas necesidades, o mesmo espírito que corporaes.

Rematou aconsellándolles que se mirasen n-aquel espello que lles ofrecían as nacións mais adiantadas en agricultura e en gandería.

Dixolles que o mundo percorría pol-o seu camiño da civilización, e que Galiza, e mais os labregos, que eran a súa riqueza, tiña a forza que conquiril-a tamén.

Foi fortemente apraudido, ios labregos sairon coa cara ridente, en espera de tempos mellores.

Que teñen que vire.

DOMINGOS RODRIGUEZ.

Ribadeo, 17-3-35.

Este número foi visado pol-a Censura gubernativa.

Grupo de Bueu

O derradeiro domingo xuntouse en asambreia xeral o grupo de Bueu na que elixiu nova directiva e tratou diversos puntos referentes a súa organización interna e relacionados co Partido.

A reunión acudiron casi todol-os irmáns compoñentes do grupo reinando n-ela un gran entusiasmo que demostrou unha vegada mais que as células galeguistas reorganízanse e traballan acuguladas dun fondo patriotismo que por moito que fagan non poderán destruír os nosos inimigos aínda apelando a toda crás de ruíns procedimentos.

Pra os galeguistas constituie un deber o de axudar coas súas suscripcións a aquelas publicacións que teñen unha clara e definida orientación galeguista ou nazonalista no orde político ou no cultural. A nosa Terra, Nos, Alento, Logos, etc.

Mais é tamén obriga nosa a de prestar asistencia de todo orde aos xornaes que teñen concosco unha afinidade grande en política e que pol-a súa parte gardan para o noso partido atencións, publicando as nosas notas e comentando con agarimo as nosas ideas, que os distinguen perfectamente entre a prensa galega na súa maior parte de costas aos problemas de Galiza e aos traballos que a prol da súa dinificación e liberdade realiza o partido.

Entre os diarios que con máis agarimo nos gardan ditas atencións e coincidencias figura o de Pontevedra «El País» xornal fondamente republicán e avencellado aos problemas galegos que estuda e trata sempre con patriotismo semellante ao noso.

Por ser así nos permitimos expoñer a consideración dos nosos irmáns a comenencia de axudar a dito xornal con suscripcións e anuncios sendo esta tamén unha doada maneira de facer galeguismo e popularizar as nosas ideas.

BUZON

Recibimos, con ledicia, un tarxetón no que Herminia Torrado Moldes, de Vigo e o irmán Manoel Beiras García, de Santiago, nos anuncian que o seu casamento terá lugar a fins do corrente mes.

Ven escrito en galego. Velahí unha simpática proba de fervor patriótico, que amostramos a todol-os irmáns.

Nin que decírten que desexamos á parexa toda a felicidade maxinabel e lle agradeceamos fondamente o envío.

Diretiva do «Grupo Lalin»

Presidente, Xesús Golmar Rodríguez.

Vice, Xesús Fernández Corredoira. Segredario, Anxel García Guitián. Vice, Amancio Iglesias Trabazo. Tesoureiro, Rafael Teixeira Coñías. Contador, Antón González Vilanova.

Bibliotecario, José Otero Abeledo (Laxeiro).

Vocales: Enrique Vidal Abascal, Fernando Calviño Azores e Fernando Goyanes Goyanes.

Gran Fábrica de Cervezas

A BARXA

TIPOS:

DOURADA
MUNICH (Negra)

E FABRICADA EN GALICIA

PREFERILA AS DEMAIS E LABOURAR POL-O ENGRANDECIMENTO D'A NOSA TERRA.

ENSAIOS

A ASISTENCIA ESCOLAR

Non hai dúbida que a escola e, pol-o de hoxe, a única institución educativa que realiza deliberadamente, tencionadamente, a súa función específica. Quixéramos poder engadir, tamén, as verbas totalmente, ampliamente, mais védanol-o o desexo de ouxetividade e veracidade.

Co dito que feita a gabanza i-a censura da función da escola. Mais este si e non que cáseque equilibran o pro i-o contra, non deben xustamente quedar en termos de igualdade. Porque a decadencia ou a esterilidade da función escolar non pode prexuzgarse honradamente si se esquecen algúns factores.

Por eixemplo, non se concibe unha escola sin nenos. A presenza dos nenos e o feito primario. A asistencia escolar, a *conditio sine qua non* da función escolar. E todos sabemos, inda que non todos se decatan d-elo, que a asistencia escolar e na Nosa Terra un fenómeno epidémico.

Mergulada n-ista realidade, a escola galega non pode *funcionar* co éisito que tácitamente prometen as súas grandes posibilidades. Vel'eiqui porque o problema de asistencia escolar preocupa tanto os escolantes, que—dito seia coa honradez con que sempre escribimos—son os únecos que teiman resolvelo.

Compre, logo, parar un pouco pra ollar-o fondo da cuestión, que se presenta un mígallo enleada pra-o noso cativo entendemento. Porque nos coidamos que-o problema ten, por de pronto, duas manifestacións distintas: unha na aldea i-outra na vila. E compre tratá-las separadamente. Así falaremos primeiro da asistencia escolar no medio rural e logo da mesma asistencia no medio urbán. Toda coa eispresión telegráfica a que nos obriga a falta de espazo. E detremiñando en cada caso as COUSAS i-os REMEDIOS, puntos esenciaes do problema.

A mala asistencia na escola rural. Causas:

1.—Probeza cultural do ambiente; 2.—Descoñecemento da utilidade de unha instrucción elemental; 3.—Necesidade de sumar brazos pra as tarefas agrícolas; 4.—Abandono (falta do sentimento de responsabilidade); 5.—Miseria.

Remedios: 1.—Somentes ama o saber i-o ancea pra outros aquel que o coñeceu e gozou. Hai que levar aos pais ista arela da cultura. 2.—Hai que demostrál-o valor da instrucción con ideas sensíbles, porque os homes do legón pensan de fora pra dentro e non de dentro pra fora como fan os filósofos. 3.—Os pais ó enxendrar ós fillos comprométese voluntariamente a mantel-os e darlles escola, custe o que custe. 4.—Contra do abandono dos pais, a coación das leises. 5.—Contra da miseria, a xusticia social i-o apoio do Estado.

Hai, tamén, outras cousas que arredan ós nenos da escola, como son: a) clima; b) a distancia da casa a escola; c) as condicións do camiño; d) as condicións dos locais; e) os valores físicos, morales e intelectuales do escolante; f) a natureza dos traballos escolares; g) a condición moral dos compañeiros da escola; h) a necesidade de mercar material, etc.

A mala asistencia na escola urbán. Causas:

1.—A iñorancia efectiva dos pais. 2.—O abandono (*laissez faire*). 3.—A miseria. 4.—A mesma sociedade explotando ós nenos. 5.—As autoridades cando se cruzan de brazos. 6.—O medo ó mal tempo i-os atropellos. 7.—As condicións da escola, do ensino e do escolante.

Remedios: Persuasivos: conferencias, acción social. Coercitivos: amonestación, multas, supresión do voto, cadea, etc.

Cooperadores:

1.—O Estado, erguendo a personalidade moral do escolante. 2.—O Estado, protexendo o desenrolo da escola en todol-os aspectos. 3.—O Estado, facendo cumprir a lei. 4.—Os pais, non se esquecendo nunca de que son pais. 5.—A Sociedade, non se esquecendo de que ela mesma fai os delincuentes e dimpois méteos no presidio. 6.—O escolante, cumprindo co seu deber.

Eis un guiño do que podía considerar com-o cerne do problema cuia complexidade non poden abranguel-os nosos sentidos afeitos a outras cousas mais cativas e mais sinxelas.

UN ESCOLANTE

DICCIONARIO GALEGO

Galego-Castelán e Castelán-Galego

POR

LENDRO CARRÉ

MAIS DE 16.000 VERBAS.

SEGUNDA EDICIÓN.— 8 PESETAS

LALIN

Out-o trunfo

Coma de cotío, no Casino d-ista vila celebrouse pol-o Antroido un gran baile de disfraces. Presentáronse moitos d-un gusto insuperabel; pro notouse n-ista vegada algo insospetado que naide podía coidar; referímonos a belida señorita Rita López Martínez, que, dando pra o lado as malas costumes, presentouse c-un traxe pra algúns sinxelo pro cheo de honra, e de un valemto tan grande que arrecatou pra sí toda admiración e todol-os aplausos conquerindo por aclamación leval-o primeiro premio. Folgaria decir quiste traxe era o galego; non era un disfraz, coma levaron outras, lembrándolles os «féridos» e «duros» que nos teñen esquencidos e se nos lembran algo e soio pra despreziarnos. ¡Bra a roupa da nosa Terra!, isa roupa que reclama redención e coidamos han de percurar as xentes do pobo non deixar no esquencemento pra outra vegada.

F. G. G.

Mulleres, donas de casa, ¿queredes facer bon fregado, limpar mármoles, metais?...

Mecánicos, ¿queredes aseguravos a limpeza das mans, quitándolle os aceites con que as luxades a cotío?...

USADE

JABOLIO

Fabricado no BARCO DE VALDEBORRAS, por AMANCIO PRADA MARTINEZ

CAFÉ

GALICIA

Cantón Grande

A Cruña

Prelo de LA POPULAR.—Charino, 7 Pontevedra

INQUÉRITO

A opinión do irmán Taboada Tabanera

O inquérito iniciado no GUIEIRO, e a medida de maior oportunidade i-eficacia que se podía tomar pra que todol-os irmáns nacionalistas, poidésemos falarnos mutuamente das nosas emocións co corazón non pechado a os prantos do noso espírito.

Eu vou a facelo eisi: Sinxelamente, i-arelando que as probes verbas miñas leven algunha lus as intelixencias dos meus queridos irmáns, sin facer citas de Masaryk; sen mental-a esperencia do liberador De Valera; fuxindo da cristaña e certa definición de Pi e Margall; esquencendo por un instante o apostolado de Brañas e de Prat de la Riba e a quentura dos mestres contemporáneos, e as ensinanzas de todol-os símbolos terreneas, pra meditar outamente a profundidade dos textos sagrados, de xeito que todos escoiten un berro cristián, erguido por un mozo, cidadán galego, católico apostólico romano.

Nas nosas fias, o berro e novidade no uso, e secular na necesidade. Nas nosas fias esquencimos xa demasiado a mística do noso anexo liberador. Nas nosas fias cunde a vacilación, i-eu pretendo que iste berro seña o aglutinante das nosas leccións espirituas.

Qual é o camiño que ha de seguir o nacionalismo galego na súa actuación, pra conqueril-as súas aspiracións con máis seguridade?

Pra dar unha resposta certa, á interrogante do inquérito, hai que mostrar á mocidade todol-os camiños, xa que se precisa topar un eco da nosa doutrina en todol-os recantos da Patria.

A nova nacionalista ten de levarse á escola non soio pol-a iniciativa do escolante, senón que xa debera ir despertando por acción e orgaización de avanzadas integradas na poboación infantil ao estilo (no fondo e non na forma) dos «ballillas» italianos.

E do mesmo xeito, i-en virtude de múltiples orgaizacións creadas no seo de total-as escadas sociaes adentrarse o nacionalismo na masa popular galega, enraizándose nela pra non permitil-a invasión dos nosos espíritos por ideas estranxeiras.

Eis a labor das xuventudes nacionalistas galegas: procural-a creación de numerosos orgaismos estudantiles, obreiros, industriais, campesiños, patronales, profesionales, etc., etc., invadindo total-as manifestacións do noso vivir, ca nova que redimirá á nosa Terra da súa escravitude creando liberdade e bienestar pra os seus orgaismos.

Pra conqueril-a creación d-iste espírito reivindicador na masa do noso pobo, o nacionalismo ten que traballar rexamente e sin acongar un instante, cinguíndose na súa laboura a exercer un apostolado que predique as fermosas novas do rexurdimiento as xentes.

Ista misión apostólica, pra acadalo eisito necesareo, ten de ser exercida por xentes d-unha pureza e d-unha fé a toda proba, que poidan entrar e sair nos diferentes meios da sociedade humana sen contaminarse en absoluto de ningún d-eles.

O nacionalismo galego fará coma Cristo que evanxelizou entre apestados de corpo e de i-alma sen contaxiarse da miseria humana. Por iso: pra que tranfe o noso apostolado hai que acercarse a Cristo, pra topar limpeza e bondade verdadeira, hai que buscar a Cristo; pra fortalecernos no apostolado, hai que ollarnos integrados en Cristo; pra imaxinal-o o noso trunfo albiscando ante os traballos e amarguras no noso vivir, hai que ollal-o trunfo de Cristo na crux...

As mocidades galeguistas, pra acometel-a obra do apostolado nacionalista, ten que facer na Il Asambreira unha decraración de catolicidade, pra dar ao mundo unha garantía de reititude.

Fracasaron pedagóxica e moralmente os ensiños laicos en total-as nacións do mundo, porque non hai educación posible onde non hai o espello da bondade e da beleza suma; e do mesmo xeito fracasará o grande ensaio de educar a un pobo enteiro nas esencia nacionalistas, se os educadores non son homes de máisima bondade, homes católicos que teñan unha noción da sublimidade pra aplicala no seu degaro de erguer a un pobo.

Deus castiganos asegún os nosos pecados.

(Judit, VII-XVII)

Non hai duda, de que foron as no-

sas vacilacións as que nos perderon. Agardamos a que veñan os ataques i-as inxusticias, sen tel-a barilidá de erguernos valentemente confesando os nosos herros pra que fiquen soio os dos nosos inimigos.

Somos escravos, porque fomos c-bardes aturando os dispregios e feridas dos inimigos, e non voltámol-os ollos e as súpricas a El Señor; á suma da bondade; ao que tamén sofríu coma nós persecución pol-a xusticia. En troques tendimol-a nosa man a os nosos verdugos, e sempre rescibimol-o mesmo couce i-o mesmo aldraxe.

Dixemos que non íamos pregar a El Señor por Gallardía e soberbia, e pregamos aos tiranos, por unha soberbia cobardía.

Eu acarrexarei desastres soberbia: xa que non escolto as miñas verbas, e desbotou a miña lei.

(Jeremias, VI-XIX)

Matinará o pobo no seu arrendamento da virtude católica e seguirán chovendo a cotío desventuras por enriba de nós.

Canto se faj e canto se fala, é mostra de que non queremos atural-os dispregios que se nos fan. Por iso se acude as leises dos homes, á caridade dos homes, e tamén aos odios dos homes.

Recúrrese a todo cuanto hai na terra ao noso alcance, seña mal ou non; por iso Galiza vai seguindo o camiño da ruína que vai sendo maior de día en día.

El Señor castigáanos pol-a nosa soberbia, ou mellor dito pol-a nosa cobardía, coma castigou a os pobos que o esquencen. Non confíemos na ausencia do lume que arde na cidad de Loth, porque o castigo de El Señor e lume invisible que arde no peito dos inimigos, e vai queimando a nosa riqueza.

E ista miseria creámola nós..



Pra desbotala, fagamos eisame de conciencia, ollemos e sigámol-o camiño de Cristo: Contándolle as nosas miserias, arrependíndonos dos nosos pecados, exercendo a súa virtude, e tendo fé na súa misericordia.

Se non, sigamos no arredamento, facendo pregarías a os inimigos pra que se bulren de nós, e pra que a indinación de Cristo xunga o noso destino ao triste lugar dos pobos malditos.

Ti salvas ¡O Señor! a os que en tí agardan, e os celbos das nacións enemigo..

(Sirac, LI-XIII)

Eu: pregó a El Señor que non-os deixe da súa man.

Sei que na miña oración serei acompañado pol-os verdadeiros fillos de Cristo e pol-os auténticos irmáns de Galiza.

Seremos todos a facer unha nova Galiza saturada de virtudes pra maior gloria de El Señor.

Pregaremos a El Señor que nos axude e fortaleza, pra que non-os deixe dudar da nosa fé nacionalista. Pra que nos axude a sostel-a a nosa pureza facendo de nós mocidade exemplar pra que os feitos señan espoñentes d-unha exemplar doutrina.

Non podemos ser homes fríos pra acometel-a reconstrucción d-un pobo.

A nova nacionalista ten de ser algo integrado na i-alma; e non hai patrimonio da i-alma que non sexa un fito do espírito de El Señor.

Fagamos Patria en Cristo de Cristo e para Cristo, pra que sexa unha Patria diña de lanbanzas e sagrifizos.

Os hemes diños non poden loitar por unha Patria que non sexa diña. Os homes xustos non poden loitar por unha Patria que non é xusta. Os homes relixiosos non poden loitar por unha Patria indiferente.

Galiza que soupo sentirse católica

GUIEIRO

OUTAVOZ NAZONALISTA DA F. M. G.

Núm. 12

Laboura da M. D'Ourense

O domingo 17 do derradeiro mes de Febreiro tivo lugar unha excursión a pe de diversos irmáns d'ista Mocidade os pobos de Moreiras, Toen, Mugares e Alongos en misión de propaganda nazonalista, nos que se espallaron unhos libríños contendo as ideas e fins do Partido Galleguista.

Nos pobos de Toen e Alongos entrevistámonos cos directivos d'istes grupos os que se mostraron moi optimistas; o mesmo tempo que pudemos apreciar n'ista primeira saída unha forte corrente do opinión Galeguista, que se manifesta principalmente n'o entusiasmo d'a Mocidade en agruparse en defensa d'a súa Patria. Producto d'ista propaganda é a prouxima constitución d'a Mocidade de Moreiras. Pra fechas posteriores teñen proyectado outras excursión. O mesmo tempo que se desenrola ista campaña n'o extra-radio d'Ourense; celébranse localmente unhos círculos de Estudios, moi concurridos, de misión cultural e instructiva. Entre outros, debatíronse os suxestivos temas de «Separatismo» e «Caciquismo»; sobre os que espuxeron seus puntos de vista e apreciacións individuais distintos irmáns.

sempre, necesita d-un nacionalismo católico, xa que outra concepción do nacionalismo sería un herro e unha inxusticia.

Tan soio se atopa o camiño do nacionalismo nas pasadas trunfales de El Señor. Sempre ao seu lado e cas súas amarguras que foron o roteiro da súa redención.

Eis o camiño que deben colleas mocidades na Il Asambreira guiadas nas verbas do apóstole Mateo:

Amade aos vosos inimigos; facede ben a quen vos aborrecen, e pregade pol-os que vos persiguen.

(Mateo, V-VII)

Camiño no que temos de sufrir e traballar sen acongo, ateigándonos de firmeza na vontade e na execución. Camiño, o único que ten a nosa xuventude, que nos levará a conquerir con máis seguridade e con máis limpeza as nosas aspiracións.

Camiño santo e fartureto de ensinanzas que comenza amando a Cristo por enriba de total-as cousas, e que fina ledamente tendo en conta sempre iste consello:

Se fidel are a morte. ¡Eu darei a croa da vida.

(Apocalipsis, II-X)

LAUS DEO

Pontevedra, San Xose do 1835.

Notas do Antroido galego

Iste ano, quixen recoller algunhas mostras dos cantos de Antroido pra xuntalas con outras que tiña recollidas de nanteriormente, e foi moi grande o meu desencanto ao non topar en ningures cantos ou costumes que fosen diñas de sere chamadas *notas do Antroido galego*.

O estranxeirismo, vai adentrándose nos costumes nosos d-un xeito alarmante, e unha proba d'elo temola nas pasadas festas do Antroido, das que cheguei a xuntar 185 coplas das cidades, d'elas 19 en galego e 66 de aldeias e lugares, das que tan soio foron escritas en galego 29.

Claro que a miña xestión non pudo ser tan ampla, que poda afirmar acadase a toda Galiza pois xa pol-os números denanteriormente espostos se adevirte que me cinguin a unha parte ben pequena do noso territorio, pro pol-os datos que recollin axudado por irmáns de diferentes lugares, amostrase que o noso perde lugar pra deixar paso a unha riada de estupideces estramas ao noso carater.

Non embargantes a enxebridá ten todol-as simpatías nos lugares en que se manifesta. Todol-os modos nas que se canta na nosa lingua e nas que se

CHAGONS

Massaryk, cumpre anos

Centroeuropa. Aínda, no espírito das moitedumes, resocitan os sons amortecidos das derradeiras loitas democráticas e nacionalistas... Trunfos pasaxeiros: Wurtemberg, Hannover, Isaszeg, Váez. Babel, aquela, xeográfica, histórica e social, que, ao igual da bíblica torre, había de vir a terra. Alternativas. Kosuths, Andrezmys, Stemberg. Guerra entre as mesmas razas submetidas. Dominación.

Tristeira visión do cadro convulso da Europa—mediado o XIX—producido pol-a artificiosidade do sistema Metternich, pospóndor de toda aspiración de patrias e razas a un absurdo, por suposto inestable, equilibrio de estados!

Aquí entra en xogo un innegable providencialismo da vida. Anos despois, no ano 1850, germolaba nun dos estados imperiás austríacos o home que no devalar da Historia había suceder ao emperador dos Aubsberg na gobernação do seu pobo. A Checoslovaquia enteira pensa hoxe que non perdeu no troque.

Massaryk, Tomás Gervique Massaryk, nado en Moldonín, vila da Moravia, é a non duvidar unha das figuras máis xurdias da hora presente. Ateigado d un romantismo espiritual, non somentes contemporáneo, senón tamén coetáneo e avencellado co idealismo na filosofía e co liberalismo na política, marca nel a aitividade juvenil e vivificadora que o había de levar a dar cima a misión histórica para que foi chamado.

Dotado d-unha inflexible vontade de ser e d-unha férrea e sólida disciplina mental; erguido ledamente; mirando con ollos sereos ao s u arredor; obrando e falando, Massaryk transfundé na alma e sangue os novos anxeios e as novas orentacións que constituíen o espírito d-unha época no seu país, que a pesares da súa estirpe eslava soupo se alzar contra da ignominia, reaccionar fronte ao mal, ceibándose de todo conformismo fatalista; ese fatalismo paralizador de vontades e idiorizante de toda sensibilidade que fai aos pobos de Ourense aceitar no máis alobre dos estoicismos os males invencibles que a divindade ignota envía ao home. Mañifera personalidade a d-este patriota que ao mesmo tempo que dirixe ao pobo que libertou, educa, elevándoo espiritual e políticamente!

Pero Massaryk a fuer de nacionalista é universalista; d-unha universalidade curativamente considerada. «O justo medio, opina, é a humanidade»; e como a humanidade non pode manifestarse máis que na nacionalidade é mestre re petar toda nacionalidade como parte da humanidade; e por conseguinte, toda política nacional.

Chega pois ao fondo da conciencia humana, penetra deica as entranas da súa patria histórica n-un intre determinado; universal pol-o tanto, n-unha dimensión de profundidade. E como nacionalista é universal, noso.

Agora ben; Do Massaryk estadista que falar? Poderíamos compendiar decindo con Vlastimil Kybal, que a principal virtude política do libertador bohemio, é a de ollar sempre tras dos incidentes e acidentees da vida corrente, tendo sempre a vista a derradeira meta. En consecuencia ollámol-a figura ingente—sin histrionismos nua de todo hieretismo—do vello patriarca, birtando—ausentes alardes, emblemáticos coloríns e alaridos—por vieiros trunfaes os destiños históricos que rixe; ficando aos máis o conforto do illote checo no medio do mar enxarmado da Europa actual, neste intre de claudicación, desoventacións e decadencias.

A Cruña, Marzal do 1935.

M. DÓNEGA ROZAS

MANOEL GÓMEZ ROMÁN Arquitecto Vigo	VALENTIN PAZ-ANDRADE Abogado Vigo
MANOEL BANET FONTENLA Notario Santiago	ARTURO LOPEZ TRASANCOS Médico Ourense
XERARDO ALVAREZ GALLEG Abogado e Procurador Vigo	XOSÉ LINO SÁNCHEZ Abogado Pontevedra
DR. AMANCIO CAAMAÑO Sanatorio Quirúrgico Pontevedra	ANTÓN PINOS MIGUEZ Consulta de 12 a 1 e de 4 a 6 Baión
FRANCISCO Bar.e.ro Salaño Perito Agrícola Santiago	XOSÉ F. BORRAJO DACAL Abogado Ourense
R. GONZALEZ PASTORIZA Abogado Vigo	XOSÉ HERMIDA ALVAREZ Axente Comercial Ademite representacións para Asturias. Alfomira, 18. Oviedo

baila e viste conforme co espírito da nosa terra son rescibidas con enorme entuseasmo, como socedeu cunha comparsa dos arredores de Santiago, que acadou o maior eisito, de todos cantos andiveron a cantal-o Antroido deste ano.

As demais comparsas, son acollidas máis ben con curiosidá que con familiaridade. Ollase o desfile dos «Pierrosts» e das «Colombinas» ate con ledicia, ledicia dos músicos, ledicias dos panas brancos e negros, ledicia de xuventude; escoitanse as rondallas

das que algunhas tocan ben; e aplaudese incurso pro non se desborda a nosa i-alma coma diante dos panos rícales, e dos dengues, e dos refaixos bermellos, e dos calzóns mouros, verdes, asues, marelos, e dos chaleques curtos, e das faixas, e dos monteiras; escoitando alalás rexas e cantigas picareiras; oubindo as notas tumbolos da gaita; ollando beizos sen carmin de droguería e meixelas non lariñentas, senón bicos de cireixa e facianas de rosa...

(Rematará.)

Redacción - Administración:
Rúa de Tetuán, 2-1.º - Pontevedra
SUSCRICIÓN: 3 pesetas semestras. Pago adelantado.
Número solto: 10 cts.

A nosa terra

SEMANARIO DO PARTIDO GALEGUISTA

Ano XIX

Galiza, 23 de Marzo do 1935

Núm. 358

Declaración de principios do P. G.

- I. Galicia, unidade cultural.
- II. Galicia, pobo autónomo.
- III. Galicia, comunidade cooperativa.
- IV. Galicia, célula de universalidade.

DO MOMENTO

O DISCURSO DE AZAÑA

No intre de encher estas cuartelas encamiñadas a recoller unha impresión do momento político aitual non conozo aínda o texto íntegro do gran discurso de Azaña. Máis coido que abonda pra facer un xuízo as referencias da prensa galega e aínda tanto ou máis que esto, as opinións que do discurso expuxeron diversos políticos hespañoles nas que destacan, para lle dar ao discurso de Azaña a transcendencia e importancia que tén, as dos políticos francamente monárquicos e inimigos de Azaña que o gaban sinceramente anque politicamente teñan que o lamentar.

Eu, personalmente, tiña a impresión de que, ineoscientemente, estábanlle preparando ao gran estadista, unha xurda ocasión de amostrarse á opinión pública con toda a maxestuosidade que a súa personalidade encerra.

E así foi. Pol-o fondo e pol-a forma o discurso de Azaña é unha peza oratoria de importancia excepcional que terá de repercutir fondamente no curso da política hespañola.

Toda a campaña noxenta, incivil, que contra Azaña realizaron nos derradeiros meses os monárquicos, monarquizantes e republicáns adulteradores da República ficou destruída co-a súa maxistral intervención parlamentaria. D-un político que pretenderon destruír e enterrar para sempre fixeron un ídolo, un símbolo da Hespaña republicán, nobre, honrada e honesta que arela rexurdir.

Non fai falla ser azañista para, ollando as cousas con outura e xusteza, sentir por Azaña a devoción e esperanza que inspira a home que no inmenso deserto espiritual da política hespañola destácase como un oasis benfeitor. No escaerío aitual da política hispana non hai parella... Nin nas dereitas nin nas esquerdas.

A súa honradez, a súa honestidade e decencia, o seu concepto da política e a súa visión de estadista de tipo europeo ao marxé da chabacanería e da estultés que caracteriza ás figuras políticas hespañolas, ten de producir ledicia nos que á política fumos e na política estamos pol-os mesmos ou semellantes motivos que Azaña, que son os de contribuír á creación d-un novo espírito político e ao conqurimento d-un ideal nobre e xusto.

Por ser así non pode extrañar a ningún que un galeguista, aínda que por sel-o pareza que o seu campo de acción política está limitado, coincida con Azaña e sintase compenetrado co seu pensamento que si non é o mesmo exaitante o é na súa integridade no que respeta aos métodos de actuación na vida pública. Duas persoas honradas non é extraño que coincidan.

Por termos os galeguistas un concepto elevado, nobre e honesto da política é ter que vivir ao día as incidencias do Estado a que Galicia pertence, a necesidade de escoiler preferencias e o instinto natural ha de nos inclinar necesariamente aos que, cada un dende o seu terreo, teñen con nosco afinidades moraes e conductas parellas.

Por eso e por outra razón ademáis. Porque no momento aitual Azaña representa para os galeguistas, como para os cataláns e vascos, a garantía das respectivas autonomías. Sin esquecer que éste é un dos principaes motivos da campaña ruín que contra él fixeron deica agora, no sucesivo as cousas terán variado, os eternos defensores do centralismo e da Hespaña única e imperialista.

Por todo elo eu, que non sentín nunca devoción por ningún político hespañol, sinto por Azaña e considero unha verdadeira necesidade a súa presenza na política hespañola.

Aparte d-outras consideracións, que é innecesario mencionar, son istas as principaes que me inspira o gran discurso de Azaña, que abre unha nova xeira no campo republicán de inmensa e lediciosa transcendencia.

VICTOR CASAS.

INQUÉRITOS

¿Poden os menores d-edade, sen autorización escrita dos seus pais, formar parte de asociacións políticas?

¿Por qué, entón, se permite e aínda se fomenta, protexe i-ampara o Batallón Infantil Nacional; os seus desfiles, saúdos e uniformes ridículamente simiescos?

¿Non andan os axentes da autoridade perseguindo a tenencia ilícita de armas? ¿Por qué, entón, á vista da policía, os señoritos fascistoides poden levar pistola ao cinto?

¿Están penados pol-as leises os berros suversivos? Si o están. ¿Non é un berro calificado de tal o de ¡Morra a República!? No desfile marcial, resgardado, según nos din, pol-a forza pública, que se celebrou o domingo n-unha vila galega, ¿déronse ou non istes berros, sin que os axentes da autoridade tratasen de impedilos?

O señor Gobernador civil de Pontevedra, ¿sabe todo isto?

Coidamos que a cousa ten casi tanta importancia como botar follas contra D. Emiliano Iglesias Ambrosio, pol-o cal foron perseguidos a tiros i-encarcelados uns mozos en Vigo, cando o outro homaxe ao ínclito benefactor, ao xenial home público que a provincia de Pontevedra disfruta.

SI QUEREDES
XANTAR BEN
IDE A

CASA PEPE

Dr. Cadaval, 13 VIGO

A antroidada de Vilagarcía

O derradeiro domingo celebrouse en Vilagarcía un mitin feixista no que ademais de dous ou tres rapaciños nados en Galiza aituou o Sumo Pontífice do Feixismo hespañol Primo de Rivera, vástago arriscado do xeneral que tivo a Hespaña sete anos sin lei. Según as referencias acudiron a Vilagarcía representacións de algúns pobos de Galiza. Ataviados uns poucos d-eles cos atributos da orgaización. Camisas azúes, correaxe, porras e pistolas.

Así desfilaron pol-as rúas entre a protección da forza pública d-un Estado republicán e derracático que hoxe non permite outras manifestacións políticas mais congruentes co espírito plasmado na súa Constitución e a indifrencia, cando non a socarronería burlona das xentes.

Pol-o visto no mitin díxéronse moitas cousas que non nos intresan e ún dos rapaciños que nasceron no noso país meteuse cos galeguistas de maneira despiadada. Entre outras cousas dixo que a Universidade galega está hoxe dirixida pol-os galeguistas que ocupan as súas cadeiras sin ter feito oposición a elas. E que hai que destruír eso pois os galeguistas somos analfabetos, presumidos e unha chea de cousas pol-o xeito.

¡Gracias, rapaz! Mais non estivesches acertado. A Universidade aínda non é nosa, nosa quer decir galega, pero serao. Moito antes de que as tuas ideas (¿) cheguen a impoñerse na Hespaña. Apañados estábamos si así non fora...

E o de que as cátedras non foron ganadas a pulso podes preguntarllo ao teu correlixionario Celadita a quen o noso López Durá deixou k. o. nas derradeiras oposicións á cátedra de Dereito político.

Pol-o demáis nada. Lamentamos sinceramente os incidentes habidos con motivo de semellante aito mais é sabido que as antroidadas, anque se-

"Os mozos galegos no intre aitual"

Os mozos galegos, estamos na obriga de escomezar axiña a labourar sin acougos pol-a independencia da nosa Patria. Non debemos ficar adormecidos n-iste sono mortal, é mester que denantes de ren escomezemos subir total-as congostas e camiños das nosas aldeias pra ir predicando co noso verbo—e con todo meio de propaganda—os postulados nazionalistas.

Non debe importarnos que os nosos inimigos nos queiran estorbár, con permiso dos «gansters» de turno ou sin él nos debemos de falar, debemos espallar as nosas follas patrióticas, e si é mester meios de violencia non debemos de dudar un intre en facer uso d-il, pra nós e moito mais importante a liberdade de Terra c-o encadeamento de uns cantos de nós.

Debemos de aproveitar istes intres en que un Goberno anti-nazonalista, se encontra no poder e desde il loíta contra as libertades, pra poñernos frente a il en total-as ocasións, e compre non desperdiciar unha. Xá sei, mozos, que me diredes que está prohibido todo aquilo que sexa loitar contra o Goberno, mais pra iso somos mozos, o noso deber está en poñernos frente a todo iso, o noso deber está en saír as ruas a espallar follas, o noso deber está en subirnos enriba de calquer cousa i-escomezar a falar contra il, iste e non ficar calados e o noso deber. Mozos galegos, non esquecer que pra algo somos mozos, e que non vamos a agardar a que sexan os nosos inimigos os que nos den a nosa liberdade, somos nos os que a temos que conqurir. ¿A que agardamos, rapaces? Colamos axiña a bandeira galega e destrém d-ila cantando o noso hino marchamos a xunto os nosos irmáns os campesinos e mariñeiros pra decirlle que ali donde se olla ondear ao ar unha bandeira que nos aldraxa, hai que poñer a bandeira galega, a bandeira azul e branca.

Xosé B. PAZOS.

Vigo, Marzal do 1935.

Os Galeguistas pararan en Sant-Iago no

"Hotel Europa"

DE RAMON MORANDEIRA

Vda. de Pío S. Carrasco

(CASA FUNDADA NO 1894)

Axente Comercial de Aduanas Colexiado

FLETAMENTOS,

CONSIGNACIÓNS,

TRÁNSITOS.

VILAGARCIA

TELEGRAMAS: CARRASCO

APARTAMENTO NÚM. 3

A liberdade da nosa Terra pende soio de nós. Xuremos hoxe poñer ao seu servico canto somos.

xan no seu tempo, solen moitas veces rematar a pinoques nos que sempre leván a peor parte os promotores.

A antroidada de Vilagarcía non había de ser difrente das demáis.

Vilagarcía.

R. F.

Notas do Antroido galego

(VEN DA PÁXINA TRES)

Cando as nosas rapazas visten de gauchos ou de chinitas, que a todo se chegou, parecen maniquís mecánicos, ou monecos de guiñol que ostentan sempre a mesma sorrisa, pintada na derradeira estación; e cando veñen vestidos co noso, traen ledicia verdadeira e o que as escoita aledase familiarmente e fina cantando e bailando tamén. Pasa unha estudiantina por un paseo, e o paseo interrompese pra ollalos pasar, e os guitanos esquecese logo, pro si chega ao mesmo paseo unha ruada de gaita e monteira, fina o paseo pra concluir en romeiría ategada de galegitude e saturada de muñeira.

Aproveitando a natural psicología do noso pobo, seríanos fácil desterrar pra sempre o eistranxeirismo dos nosos eidos con pouco traballo, xá que a invasión de cousas estranas ten total-as características d-unha frebe instantánea e pasadeira, si se lle acude a tempo.

Basta unha ollada pol-os tíduos das comparsas, pra ter unha idea do que chegou a sere o Antroido na nosa Terra.

Los aviadores, Seremos diurnos, Murga amorosa, El Ensueño, Los sonadores, Las sirenas del Sil (istá composta por homes exclusivamente) Los del verde prado chinitas y gauchos etc., etc.

Xa os nomes, moven a indifrencia maxinándonos por un instante a un fato de mozos rexos e barudos, seguindo a un acordeón e facendo ista cantiga:

El oro de nuestro río nos lo quisieron chingar y lo han chimpado a lo vivo, porque no hay autoridad, etc. etc. etc.

(Las sirenas del Sil—Q. E. P. D.—) E todos os pol-o estilo; ridículos insignificantes e absurdos.

Téñase en conta, que os que mais culpa tiveron distas cousas, foron os maestros de escola, pois a maioría dos cantos son frutos das suas intelixencias.

E reinaron os pericóns e as habaneras; os pasodobles, que foi un encanto.

Nas cancións galegas, sempre se deixa notal-a influencia das cousas d-afora.

O carnaval e cousa rica as ricas nenas van a bailar i-alua rise, i-os homes gozan i-os aviadores van a cantar, non hai rum, rum, en los motores os aviadores cantan amor e hai o rum, rum, dos meus amores, hai o rum, rum, do corazón.

Eisi cantaban uns rapaces de Xestoso que fixeron unba comparsa tiduada Los aviadores, vestidos con sacos de faríña triga.

Outros, de Bueu, chamados os da Troca, tiñan nos seus cantos unhas graziosas aclaracións en castelán dis-te xeito:

Aquí estamos os da Troca mui dispuestos a pedir un vo arreglo os camiños e mais o río Douril (el que no llora no mama)

Outra:

Somos os mozos da Troca.

Somos catro, cinco ou seis

cantarémolle as mocías

que tuveron mal do peis

(Enfermedade descuberta)

Adevírtese un concepto grosero en moitos dos cantos, tendo no meu poder algúns que non e posibre copiar, pol-o mui asqueroso do seu asunto

A ollada pol-o Antroido das cibdades e aínda mais lastimosa.

Redúcese xá por inteiro aos bailes de Sociedá.

Concurren a eles moitos homes e mulleres que aplauden músicas inverosímiles de berros salvaxes e compases tolas, que bailen con gran intrés.

Non é resistibre o espeitáculo de homes e mulleres que se visten de mamarrachos en oliganada multitude, abafantes de polvo e alcohol, cousas maltreitas e sinvergonzas: sinvergonzas por que non se lle pode supoñer un son placer a fatiga dun salón de baile, de onde sae a xente mais cansa que de catro xornadas de traballo seguido.

E a moralidade luce pol-a súa ausencia, e a civilización, non se olla por ningures.

Porque non fan ún dos nosos bailes auténticos. ¿Porque lles gusta a sofocación, o enervamento das enerxías en homes e mulleres, a folia de vontade e humanidade?

Porque non teñen vergonza pra deixal-as nosas cousas, nin pra usal-as alleas.

(Rematará.)

MAUUEL GÓMEZ MAURICIO

As

conservas

galegas

de peixe

son as

mellores

do mundo

IMPERMEABILIZANTES WATERSTOP

UNICO EFICAZ PRA EVITAR A HUMIDADE E O SALITRE NAS CONSTRUCCIONS

Mais de CINCOENTA anos de experiencia no saneamento de construccions e impermeabilización das mais importantes obras hidráulicas.

REPRESENTANTES EN TODAL-AS VILAS DE GALIZA

Pida detalles e foletos:

PRODUCTOS WATERSTOP

Axencia xeral pra Galiza:

Porta da Pena, 6. - SANTIAGO